



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES "FERNANDO WIRTZ SUÁREZ"

Instituto de Educación Secundaria "FERNANDO WIRTZ SUÁREZ"

Caballeros, 1 15006-A Coruña. Teléfono: +34 881 960260 Fax: +34 881 960265

"correo-e" ies.fernando.wirtz@edu.xunta.es

Páxina Web: <http://www.fernandowirtz.com>



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Caderno de Orientación


4ºESO



Departamento de Orientación

Curso 2017/18

O Sistema educativo segundo a LOMCE



E despois da ESO... ?

Se tes o título de graduado en ESO podes acceder aos seguintes estudos:


- Bacharelato.
- A [Formación Profesional](#) (Ciclos de Grao Medio).
- As [Ensinanzas de Réxime Especial](#) (Artes Plásticas e Deseño, estudos de Música e Danza, Idiomas e Ensinanzas Deportivas).

Se non tes o título de graduado en ESO podes cursar:

- Programas de [Formación Profesional Básica](#).
- A [educación de persoas adultas](#) (ESA).
- Acceder aos [Ciclos Formativos de Grao Medio](#), mediante proba e con 17 anos cumpridos.
- Proba para obter o [título da ESO para maiores de 18 anos](#).

BACHARELATO LOMCE

Ten unha duración de dous cursos académicos e podes escoller entre tres modalidades diferentes



Dentro de cada modalidade hai itinerarios que terás que elixir segundo o que queiras estudar no futuro.

Na modalidade que escollas cursarás materias de tres tipos de materias:

- Troncais
- Específicas
- Libre configuración

Poderás repetir un máximo de dúas veces na etapa, un curso cada vez. Para acadar o título hai que ter todas as materias superadas.

1º BACHARELATO CIENCIAS

TRONCAIS	Matemáticas I (4 h) Lingua Castelá e Literatura I (3h) Lingua Galega e Literatura I (3h) 1ª Lingua Estranxeira I(3 h) Filosofía (3h)	
TRONCAIS de OPCIÓN	VÍA A	VÍA B
	Bioloxía e Xeoloxía (4h) Física e Química (4h)	Debuxo Técnico I(4h) Física e Química (4h)
ESPECÍFICAS XERAIS	Educación Física (2h)	Educación Física (2h)
ESPECÍFICAS de OPCIÓN (6 horas, a elixir entre Opción 1: 1 de 3 h+ 1 de 2 h+ 1 de 1h ou Opción 2: 1 de 2 h + 1 de 2h + 1 de 2h	OPCIÓN 1	Unha materia de 3h, a elixir entre: –Tecnoloxía Industrial I ou –Linguaxe Musical Unha materia de 2h a elixir entre: –Cultura Científica –2ª L. E.(Francés) I –T.I.C I ou Antropoloxía* Unha materia de 1 h a elixir entre: –Relixión ou – Lab. Inglés I Os alumnos de Antropoloxía están obrigados a cursar Relixión
	OPCIÓN 2	– T.I.C I (2h) + Cultura Científica (2h) Unha materia a elixir entre: – 2ª L.E. (Francés) ou – Antropoloxía
	Titoría (1h)	

1º BACHARELATO HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

TRONCAIS	Filosofía (3h) Lingua Castelá e Lit, I (3h) Lingua Galega e Lit. I (3h) 1ª Lingua Estranxeira I (3 h) Latín I (4h)	Filosofía (3h) Lingua Castelá e Lit, I (3h) Lingua Galega e Lit. I (3h) 1ª Lingua Estranxeira I (3 h) Mat. Aplicadas ás CCSS I (4h)		
TRONCAIS de OPCIÓN	VÍA A		VÍA B	
	Grego I (4h)	Grego (4 h)	Economía (4 h)	Economía (4 h)
	Historia Mundo Contemp.(4	Lit. Univer. (4h	Historia Mundo Contemp.(4h)	Lit. Univer. (4h)
ESPECÍFICAS XERAIS	Educación Física (2h)		Educación Física (2h)	
ESPECÍFICAS de OPCIÓN (6 horas, a elixir entre Opción 1: 1 de 3 h+ 1 de 2 h+ 1 de 1 h ou Opción 2: 1 de 2 h + 1 de 2h + 1 de 2h	OPCIÓN 1	Unha materia de 3h: Linguaxe Musical Unha materia de 2h a elixir entre: -Cultura Científica -2ª L. E.(Francés) I -T.I.C I ou Antropoloxía* Unha materia de 1 h a elixir entre: -Relixión ou - Lab. Inglés I		
	OPCIÓN 2	T.I.C I (2h) + Cultura Científica (2h) Unha materia a elixir entre: 2ª L.E. (Francés) ou - Antropoloxía		
	Titoría (1h)			

2º BACHARELATO CIENCIAS

TRONCAIS	<p>Matemáticas II (4 h)</p> <p>Lingua Castelá e Literatura II (3h)</p> <p>Lingua Galega e Literatura II (h)</p> <p>1ª Lingua Estranxeira II(h)</p> <p>Historia de España (3h)</p>	
TRONCAIS de OPCIÓN	<p>A elixir unha entre:</p> <p>Bioloxía (4h) ou Debuxo Técnico II(4h)</p> <p>Física (4h) ou Xeoloxía (4h) (Habendo cursado Biolox e Xeolox en 1º)</p>	
ESPECÍFICAS de OPCIÓN (8 horas)	A elixir 1 materia de 4 horas	<ul style="list-style-type: none"> - Química - Tecnoloxía Industrial II - Historia da Filosofía
	A elixir 1 materia de 3 horas	<ul style="list-style-type: none"> - TIC II - 2ª Lingua Estranxeira (Francés II) - Psicoloxía - Xeografía e Historia de Galicia* - Métodos Estatísticos e N * <p>Os alumnos que desexen cursar as materias sinaladas co *deben cursar Relixión como específica.</p>
	A elixir 1 materia de 1 horas	<ul style="list-style-type: none"> - Relixión - Laboratorio de Inglés
	Titoría (1h)	

2º BACHARELATO HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

TRONCAIS	Lingua Castelá e Lit. II (3h) Lingua Galega e Lit. II (h) 1ª Lingua Estranxeira II(h) Historia de España (3h) Latín II (4h)	Lingua Castelá e Lit. II (3h) Lingua Galega e Lit. II (h) 1ª Lingua Estranxeira II(h) Historia de España (3h) Mat. Aplicadas ás CCSS II (4)
TRONCAIS de OPCIÓN	Hª da Filosofía (4h) Historia da Arte (4h)	Hª da Filosofía (4h) Economía da Empresa (4h)
ESPECÍFICAS de OPCIÓN (8 horas)	A elixir 1 materia de 4 horas	– Xeografía – Grego II
	A elixir 1 materia de 3 horas	– TIC II – 2ª Lingua Estranxeira (Francés II) – Psicoloxía – Xeografía e Historia de Galicia* – Métodos Estatísticos e N * Os alumnos que desexen cursar as materias sinaladas co *deben cursar Relixión como específica.
	A elixir 1 materia de 1 horas	– Relixión – Laboratorio de Inglés I
	Titoría (1h)	

A FORMACIÓN PROFESIONAL

Se organiza en familias profesionais, e dentro de cada unha delas se ofertan Ciclos Formativos de **Grao Medio** (Título de Técnico) e Ciclos Formativos de **Grao Superior** (Título de Técnico Superior).

Podes consultar toda a oferta de ciclos formativos no enlace edu.xunta.es/fp.

- Actividades físicas e deportivas.
- Administración e xestión.
- Agraria.
- Artes gráficas.
- Comercio e marketing.
- Edificación e obra civil.
- Electricidade e electrónica.
- Enerxía e auga.
- Fabricación mecánica.
- Hostalaría e turismo.

- Imaxe e son.
- Imaxe persoal.
- Industrias alimentarias.
- Informática e comunicacións.
- Instalación e mantemento.
- Madeira, moble e cortiza.
- Marítimo- pesqueira.
- Química.
- Sanidade.
- Seguridade e medio ambiente.
- Servizos socioculturais á comunidade.
- Téxtil, confección e pel.
- Transporte e mantemento de vehículos.

Podes consultar:

[Saídas académicas](#) dos ciclos de grao medio e superior.

OS ESTUDOS UNIVERSITARIOS

Existen cinco ramas do coñecemento universitario:



Ao rematar o bacharelato, para acceder á universidade, deberás superar unha proba de avaliación (ABAU). No enlace <http://ciug.gal/> tes toda a información relacionada cos estudos universitarios e a proba de avaliación para o acceso á universidade.

- [Estrutura da proba](#) de avaliación para o acceso á universidade.
- [Táboa de ponderacións](#) para o acceso á universidade.

Curso 2018/19.

- [Notas de corte](#). Curso 2017/18.

Podes completar esta información co programa [ORIENTALINE](#)

(páxina do noso instituto, no apartado de Orientación). Nel poderás obter información sobre os diferentes estudos que podes cursar (FP, graos universitarios...), así como realizar cuestionarios que che ofrecen unha orientación sobre o futuro académico e profesional.